

ANA VIOR DÍAZ,

unha poetisa de Lantoiira

↓ Eva Rico Ventoso

A música folk nel occidente ta empezando a andar nestos últimos anos y xa hai dalgús grupos que tán dando os primeiros pasos. Un d'estos grupos é Darbukka que, entre outras cántigas, pon música a poesías d'úa castropoleña que viviu búa parte da súa vida na Veiga. É precisamente úa neta súa a que musicou esos versos y a que nos presenta agora a figura d'Anita Vior, úa poetisa popular, úa muyer qu'escribiu cousas na nosa fala núas décadas en que nun era habitual qu'úa muyer nacida nel medio rural tivera esas inquietudes y yes dese salida en forma de versos.

Ana Vior Díaz nacéu en Lantoiira (Castropol) el 9 de novembre de 1920 e viviu alí hasta el 26 de decembre de 1940, ano en que se casou e s'instalou na Veiga, unde viu pasar a vida.


Desde nena gustábaye escribir poemas e relatos. Perdéu moitos, porque nun tía cuidao de guardalos. El máis veyo que temos é de condo ela contaba 15 anos.

Nel mesmo momento nel que se veu prá Veiga comenzou a involucrase nas actividades da vila: Asociación das Amas de Casa, Comisióis de Festas, Semanas Culturales da escola... Foi unha persona conocida na Veiga pol sou labor y colaboración desin-

teresada en todo tipo d'actos. Foi tamén pregoneira das Festas, da Cabalgata... Sempre recitaba fose cual fose el acontecemento.

Cos seus once netos compartía un ir e vir a todas as excursióis e festas, sempre de «abola marchosa».

As tardes d'inverno era condo escribía moito máis. Valíaye calquer papelín qu'atopara pra escribir os versos que brotaban de pronto na súa cabeza. A mayoría dos seus poemas tán escritos en castellano. Sin embargo, ela dispoñía de gran facilidade pra escribirlos en galego-asturiano, porque esta é a fala qu'aprendera desde pequena.

A vena poética mantúvose na familia y unha das súas netas sigue os seus pasos. 

NOITE DE SAN XUAN

Noite de San Xuan:
noite escura y clara
unde sempre hai
risas y encontradas.

Facendo trashedas
unhos mozos van:
¡Manolín, recoye el carro,
que cho van levar!

Noite de San Xuan:
meigas, bruxas y trasnos
nunha fogueira tán
escondidos escuitando.

As nenas poin al sereno
rosas moyadas en agua:
dícen qu'el agua de rosas
déixayes a cara guapa.

Noite de San Xuan:
esta noite ten maxia.
Ponte a bailar xunto al lume
a nosa danza.



CANCIÓN DE CUNA

Quixera ter el canto
del más bello querubín
pra cantarye á mía nena
qu'hoi nun se quere dormir.

Nun chores, nena mía,
qu'a lúa lougo sale
y ta veládoche el sono
con ternura túa madre.

Cuatro anxelíos te cuidan
mentras che canto esta añada.
Dúrmete, tesouro meu,
que xa chega a madrugada.

Reló, nun marques más horas,
nun quero oír ningún ruido,
qu'a pequenía da casa
esta noite ta dormindo.

Ana Vior Díaz

Esto del «fubol» xa é veyo. El retrato que topéi del Salave F.C. (Tapia) debe tar feito nel Campo das Augaceiras d'entonces, antes da guerra, lo que se sabe porque el porteiro, Diego del Murcho, nun volvéu máis a Salave. Debéu de ferse el retrato nel verao de 1935 y digo del verao porque era condo había vagar pra xogos y deportes. Os días eran llargos y el campo taba seco (pénsese nel nome del campo, Augaceiras).

Esto del «fubol» tardóu en preocupar al personal culto y progresista da zona, como pode verse nas publicacióis d'aquel tempo. Por exemplo, *El Aldeano* de Castropol nun fala d'él hasta el ano 1932.

Nel 1933 inauguróuse el campo de fútbol das Augaceiras con un partido entre el Salave y el equipo das Figueiras. Na fotografía pode verse que naquel tempo gastábase a pucha y el pano entre os xugadores y qu'as botas parecían galochos. Os porteiros eran os máis aplaudidos, y tamén os defensas condo daban patadúas defensivas. Pra entonces, Ronaldinho pouco tería que fer. Se el balón iba alto y llonxe, meyor. Díciase que chegaba a Os Calostros, qu'é el monte que ta despós da porteiría de baxo. Tamén había «estranxeiros» pra reforzar el equipo en partidos importantes.

Nel retrato ta Andrés del Coteiro, de Mántaras, pero tamén vían de Ribadeo Cubelo y Parrulo.

Cubelo tuvera fichado pol Aviación de Madrid y xugara nel Lucense.

Un ano arbitróu nas Augaceiras Escartín y houbo que compraye úas alparagatas arxentinas das que tían úa badana pollas veiras y que costióu a comisión das festas da Porteiría; qué pensades...

↓ Rafael López Cancio

